



## ***ACONTECIMENTOS DO ANO***

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", D. Antonio Naya Salorio e D. Eusebio Tenreiro García.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: Arume, Estudios Blanco, Faraldo, Fersal, Gabín, Novio, "La Voz de Galicia", "El Ideal Gallego", ...

| ELECCIONES Ó<br>PARLAMENTO<br>EUROPEO<br>(15-VI-1989) | ELECCIONES<br>XERAIS<br>(29-X-1989) | ELECCIONES Ó<br>PARLAMENTO<br>DE GALICIA<br>(17-XII-1989) |
|---|-------------------------------------|---|
|---|-------------------------------------|---|

|                          |       |       |       |
|--------------------------|-------|-------|-------|
| <i>Censo de votantes</i> | ...   | 9.389 | 9.526 |
| Alianza por la Repúb.    | 10    | -     | -     |
| AV-BEC                   | 14    | -     | -     |
| Bloque N. G.             | 149   | 202   | 379   |
| C D S                    | 184   | 303   | 89    |
| Coalición Galega         | 44    | 30    | 25    |
| Convergencia I Unió      | 7     | -     | -     |
| CSD                      | 27    | -     | -     |
| EPV                      | 20    | -     | -     |
| Esquerda Unida           | 114   | 201   | 113   |
| FE JONS                  | 10    | 5     | 4     |
| Frente Nacional          | 12    | -     | -     |
| FPG                      | -     | 10    | 3     |
| Feder. Parti. Region.    | 8     | -     | -     |
| Galicia Unida            | -     | -     | 11    |
| Herri Batasuna           | 23    | -     | -     |
| IDE                      | 5     | -     | -     |
| Lista Verde (G)          | 37    | -     | -     |
| Partido Andalucista      | 6     | -     | -     |
| Parti Asturias           | -     | 4     | -     |
| PAG-PG                   | 10    | -     | -     |
| Partido Carlista         | 6     | -     | -     |
| PCPE-PCC                 | 24    | -     | -     |
| PCPG                     | -     | 3     | -     |
| Partido Humanista        | 8     | -     | -     |
| P. Liber. Andaluza       | 5     | -     | -     |
| PNG PG                   | -     | 41    | 21    |
| Partido Popular          | 1.527 | 2.467 | 2.252 |
| PS de G PSOE             | 2.233 | 3.029 | 3.003 |
| PSG EG                   | 110   | 115   | 103   |
| PST-...                  | 25    | 27    | 12    |
| PTE UC                   | 65    | 38    | -     |
| A. Ruiz Mateos           | 154   | 49    | 20    |
| Unidad Centrista         | 11    | -     | -     |
| Unidad Nacion. Astur.    | 8     | -     | -     |
| Verdes Ecoloxistas       | 40    | -     | -     |
| Verdes Galicia           | -     | -     | 137   |
| Verde                    | 20    | -     | -     |
| Outros                   | ...   | 62    | 6     |
| Nulos e Brancos          | ...   | 132   | 88    |
| % Abstención             | 53,76 | 28,44 | 35,45 |

*Resultados en Betanzos. Datos da Secretaría Xeral do Concello.*

5 de xaneiro de 1989

Por segundo ano consecutivo a Cabalgata de Reis foi organizada pola Asociación de Veciños de Santa Marta-A Ribeira, co patrocinio do Concello e outras entidades. Foi un fermo acontecemento polas principais rúas da cidade.



7 de xaneiro de 1989

Nun acto presidido polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez e coa asistencia da Delegada Municipal de Benestar Social, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Sánchez Vázquez e do Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, tivo lugar unha xornada de convivencia entrañable con membros do Club de Xubilados de Betanzos, incluído dentro dos actos de Nadal e Aninovo organizados polo Concello.

9 de xaneiro de 1989

Neste día o Pleno da Corporación Municipal prestou aprobación ó Plan Parcial do Polígono industrial de Piadela que promove a entidade "Tojeiro Transportes, S.A." e que supón, de feito a entrada en funcionamento da zona industrial de Betanzos.



9 de xaneiro de 1989

Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez ó que acompañaban o Presidente da Deputación Provincial, D. José Manuel Romay Beccaría, os deputados provinciais D. Antonio Lagares Pérez e D. Ramón Rodríguez Ares, membros da Corporaciób brigantina e outras personalidades relacionadas coa arte e as letras, tivo lugar na Sala de Arte do Banco Bilbao-Vizcaya, a inauguración dunha mostra pictórica denominada "A paisaxe dos séculos XIX e XX nas coleccións da Deputación Provincial da Coruña". A presentación correu a cargo de D. Isaac Díaz Pardo.

Xaneiro de 1989

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez e o Conselleiro de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, D. Alfredo Conde Cid, asinaron un convenio polo que a Consellería concede unha subvención de 10 millóns de pts. para a rehabilitación do ex-convento de Santo Domingo co fin de ubicar no mesmo, entre outras institucións, unha biblioteca comarcal.

6 de xaneiro de 1989

Os ciclistas betanceiros, Javier Rey e José María Sanjurjo Maroño, pertencentes ó Club Ciclista Betanzos, participaron nos Campeonatos de España de ciclo-cross, representando a Galicia, que tiveron lugar en Llanes (Asturias). Obtiveron unha sobresalente posición ó entrar no grupo dos 20 primeiros.

Xaneiro de 1989

Na Aula de Cultura de Caixa-Galicia presentouse ó público o Coro do Club de Xubilados da cidade, que baixo a dirección de D. Angel Albaracín tivo un gran éxito.

23 de xaneiro de 1989

Constituiuse o "Colectivo Brigantium", formado por diferentes estamentos do persoal sanitario de Betanzos e a súa comarca. O seu obxectivo foi o estudio de diferentes factores de risco que poden xogar un papel determinante na aparición de enfermidades crónicas. Éstas poden ser consideradas como unha verdadeira plaga do s. XX pola gran morbilidade e mortalidade que causan na poboación. Dentro destas enfermidades crónicas elexiuse nunha primeira fase as cardiovasculares, xa que representan a primeira causa de mortalidade en Galicia. Así, e baixo a dirección do Dr. Castro Beiras (cardiólogo do Hospital Juan Canalejo), empezouse a estudiar os diferentes factores de risco modificables. Deste tema tratou a comunicación que baixo o título "Estudio caso-control en la población, factores de riesgo asociados" se presentou na "Reunión de Cardiología preventiva y Rehabilitación de la S.E.C.", celebrada na Coruña o pasado ano e na que se comprobou que a hipertensión e a hipercolesterolemia teñen unha alta incidencia na nosa comarca.

É de suliñar a importancia que van ter estes traballos no apartado que se refire á nutrición, xa que Betanzos foi eleixido para a realización do estudio "EURO-NUT" que se desenrola en diversas poboacións de Europa (os proxectos EURO-NUT están promovidos pola C.E.E. e por Estados Unidos). Este estudio, dirixido en Betanzos polo Dr. Gregorio Varela (catedrático emérito de nutrición da Universidade Complutense de Madrid), pretende unha utilización máis efectiva dos recursos disponibles co fin de mellora-la calidade de vida dos anciáns. Neste estudio o persoal do "Colectivo Brigantium" prestou apoio loxístico en relación coa obtención dos censos de poboación, almacenaxe e envío de mostras para a súa análise, etc.



Dr. Gregorio Varela

Xaneiro de 1989

O Delegado de Urbanismo do Concello, D. Antonio Lagares Pérez, confirmou que as obras de saneamento integral de Betanzos rematarán no 1990. O seu custe é de 365 millóns de pts. que aporta íntegramente a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, supoñendo unha das realizacións de maior importancia na historia da cidade.

Xaneiro de 1989

O Alcalde da Cidade, D. Manuel Lagares Pérez, informou que a Comisión Provincial de Urbanismo dou o seu visto bo definitivo ó plan parcial do Polígono Industrial de Piadela que promove a empresa concesionaria "Transportes Tojeiro S. A. Así mesmo sinalou que se está a elaborar o Plan Especial de Ordenación do Casco Antigo.

29 de xaneiro de 1989

O funcionario do Concello de Betanzos e como tal director da Biblioteca, o Arquivo, o Museo das Mariñas e o Anuario Brigantino, D. Alfredo Erias, foi proposto por unanimidade e ratificado en Santiso de Abres (Asturias) como "Socio Honorario da Mesa para a Defensa do Galego en Asturias e da Cultura da Comarca". Esta relación co occidente asturiano arranca do verán de 1987 cando participara nun curso da Universidade de Oviedo en Grandas de Salime.

2 de febreiro de 1989

Neste día morreu, no término municipal de Miño, e debido a un accidente de circulación, D. Antonio Barge Rodríguez quen fora durante décadas director do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" de Betanzos, onde era catedrático nas ensinanzas de Historia e Latín. Foron miles de persoas de Betanzos e da súa comarca as que recibiron o seu saber e dedicación. Desde o Anuario Brigantino (o seu director e algúns dos colaboradores tamén foron seus alumnos) manifestamos o noso máis fondo sentir por esta perda.

Febreiro

O Antroido trouxo ás rúas e prazas un ano máis a ledicia, os choqueiros, as comparsas, as sátiiras, ... e nas casas o bon comer propio deste tempo e lugar.

Febreiro de 1989

Nunha sesión plenaria do Concello adxudicouse a obra relativa ó "Proxecto e construción dunha planta de tratamiento de augas potables", á empresa "Culligan" por un importe total de 124.911.005 pts. e está subencionada integralmente pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia.

Febreiro de 1989

Neste mes entraron en vigor as Normas Subsidiarias do Planeamento Urbanístico de Betanzos.

Febreiro de 1989

A pesares da estación, empeza a preocupar seriamente ós agricultores a prolongada sequía que se está a padecer.

24 de febreiro de 1989

Prestouse aprobación por parte do Pleno da Corporación Municipal a unha moción do Delegado de Urbanismo e Medio Ambiente, D. Antonio Lagares Pérez, relativo á confección de planos topográficos de bens inmobilés incluídos no Inventario Municipal e a inscipción no Rexistro da Propiedade dos non inscritos.

Aprobouse polo Pleno o presupuesto municipal ordinario do exercicio económico de 1989, que ascende a 475.400.000 pts.

Febreiro de 1989

O Director Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, D. Bonifacio Borreiros, realizou unha visita á nosa cidade para inspeccionar as obras de rehabilitación do antigo convento de Santo Domingo, que albergarán a Biblioteca Pública, o Museo das Mariñas e o Arquivo Municipal, ...

Febreiro de 1989

O Alcalde da cidade nomeou Presidente da Comisión de Festas Patronais 1989 ó concelleiro e Delegado de Festexos, D. Manuel Justo Vázquez Miguez.





27 de febreiro de 1989

Un conductor en estado de locura provocou o pánico en Betanzos ó atropellar a unha persoa e ocasionalmente danos a diversos vehículos. O autor tivo que ser reducido pola policía e finalmente ingresou no Sanatorio de Corixo en Santiago.

Marzo de 1989

Nunha sesión plenaria do Concello aprobouse unha moción da Alcaldía relativa a decisión de D. Manuel Lagares Pérez de dedicarse plenamente ás tarefas da Alcaldía de Betanzos.

Marzo de 1989

Celebrouse na cidade un festival en favor de "Manos Unidas" que tivo un gran éxito e que contou coa colaboración de teatro e baile dos colexios de ensino locais.

17 de marzo de 1989

O Pleno da Corporación Municipal prestou aprobación ó proxecto de Estadio Municipal de Fútbol "García Irmáns" elaborado polos arquitectos do Concello, Dª Ana Fonticoba Graña e D. Manuel Muñoz Vidal, cun presupuesto total de 88,551.232 pts., así como o proxecto de terreo de xogo, elaborado por D. José M. Calderón cun presupuesto total de 24,1363.054 pts.

17 de marzo de 1989

O Bispo Auxiliar de Santiago, Monseñor Ricardo Blázquez, pronunciou o Pregón da Semana Santa na igrexa de Santo Domingo. Ó remate a Coral Polifónica ofreceu un concerto de música sacra.

21 de marzo de 1989


O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, inaugurou o novo alumado público das rías Saavedra Meneses e Nosa Señora do Camiño.

23 de marzo de 1989

Comenzou na cidade o II Torneo Internacional de Fútbol Base "Cidade de Betanzos", no que participan os equipos do Oporto, Deportivo, Español, Montañeros Ural e Brigantium.

30 de marzo de 1989

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado por membros da Corporación Municipal, ofreceu unha recepción oficial á Coral Polifónica de Betanzos na Sala Capitular do Concello, con motivo de cumplirse este ano o XX Aniversario da constitución da mesma. No transcurso do acto, o Alcalde fixo entrega ó Presidente da Coral, D. José Díaz Germade, dunha placa conmemorativa.



*Marzo de 1989*

*Constituiuse un novo colectivo ecoloxista denominado "Cygnus" para defensa do medio ambiente a nivel provincial.*

*31 de marzo de 1989*

*Realizou unha visita ó Concello de Betanzos o Delegado Provincial da Consellería de Agricultura, D. Florencio Cardador Canelo. Foi recibido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, mantendo os dous unha conversa sobre temas relativos ó Municipio e visitando despois diversos lugares de interés.*



*Abril de 1989*

*Por parte da Deputación Provincial ven de editarse o catálogo do certame de pintura "Balconadas 88", que tivo lugar na nosa cidade durante os meses de xullo e agosto do pasado ano e que resultou un completo éxito, tanto de participantes como no que se refire á calidade das obras expostas. O catálogo, con prólogos do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, do Presidente da Deputación, D. José Manuel Romay Beccaría e do Director do certame, D. Jesús Núñez Fernández, recolle a totalidade das obras.*



*10 de abril de 1989*

*Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Presidente da Deputación Provincial, D. José Manuel Romay Beccaría, o Director Xeral da COTOP, D. Valentín Souto García, a Delegada Provincial de Cultura e Deportes, Dña Luisa Blanco, membros da Corporación Municipal, o Presidente do Comité Galego de Fútbol Sala, D. Constantino Castro, o Presidente do Brigantium C.F., D. Francisco Casal Espiñeira e demás representacións do deporte provincial e local, tivo lugar, na Sala Capitular do Concello, a presentación do proxecto e maqueta (esta realizada polo betanceiro, D. Juan de la Fuente) do novo Estadio Municipal "García Irmáns".*

*Abril de 1989*

*O Pleno da Corporación Municipal prestou aprobación ó proxecto básico e de execución dun edificio destinado ós servicios comunitarios no Grupo Brigantium da cidade. Foi realizado polos arquitectos do Concello, Dona Ana Fonticoba Graña e D. Manuel Muñoz Vidal.*

*16 de abril de 1989*

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, presentou ó Pleno da Corporación Municipal unha moción que foi aprobada, relativa á modificación na prestación de servicios de forensia no partido xudicial de Betanzos levada a cabo polo Ministerio de Xusticia e que se encomendou á forense titular que prestará os seus servicios nos xulgados de primeira instancia e instrucción nº 2 de Santiago e o nº 1 de Betanzos.



*16 de abril de 1989*

Tivo lugar na cidade un festival musical para promocionar o "carné xove", organizado pola Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia. Actuaron no Carregal o grupo "Os Resentidos" e "Na Lúa" diante de más de 1.500 persoas.

*19 de abril de 1989*

Un artefacto explosivo colocado ó pé dunha torre de media tensión estallou ás 0,45 h. da madrugada no lugar da Espantosa, no límite dos concellos de Betanzos e Bergondo.



*21 de abril de 1989*

Na Sala de Arte do Banco Bilbao-Vizcaya tivo lugar a clausura da mostra de traballos presentados ó concurso, convocado pola COTOP, para a construción dunha estación de autobuses en Betanzos. O acto estivo presidido polo Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, D. Antolín Sánchez Presedo, e polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, ós que acompañaban os directores xerais de Transportes, D. Javier Varela Tejedor e de urbanismo, D. Valentín Souto García, o Delegado Provincial da COPTOP, D. Manuel Morán Santamaría, o Deputado Provincial e Tte. Alcalde do Concello, D. Antonio Lagares Pérez, outros membros da Corporación Municipal, membros do xurado calificador do concurso e outras autoridades. Ó remate foron entregados os premios ós gañadores. Resultou deserto o primeiro premio. Foron adxudicados, nembarquantes, o segundo (compartido polas propostas "Sol" e "Cotecno" e o terceiro (compartido polas propostas "Valdoncel", "San Antonio", "Isósceles" e "Breixo".

*23 de abril de 1989*

Celebrouse na Praza García Irmáns a IV FESTA DO VIÑO DE BETANZOS, que contou coa asistencia de numeroso público, procedente de toda Galicia. Consumíronse arredor de 8.500 litros de viño. Os gañadores desta edición foron: D. Jesús Cadaveira Pérez en viño branco e D. José Doporto Fernández en viño tinto.



*4 de maio de 1989*

Ás 8 da tarde tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración dunha exposición de debuxos e caricaturas de Siro López, así como dun libro editado coas súas obras, baixo a organización da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Betanzos co patrocinio do Concello, Deputación Provincial e Caixa Vigo. O acto contou coa presencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Presidente da Deputación, D. José Manuel Romay Beccaría, membros da Corporación Municipal e demais representacións.

*4 de maio de 1989*

O Pleno da Corporación Municipal aprobou unha moción da Alcaldía relativa á cesión ó Ministerio de Xusticia do edificio do antigo Hospital de S. Antonio, para ubicar no mesmo o Pazo de Xusticia de Betanzos, que será sede de tres xulgados de primeira instancia e instrucción, o que supón unha importante mellora no desenrollo da xusticia en Betanzos e na Comarca.



*5 de maio de 1989*

Dentro dos actos programados polo Concello con motivo do Día das Letras Galegas, ás 8,30 da tarde tivo lugar na Sala Capitular a presentación do caderno didáctico "Descubrir Betanzos", adicado á igrexa e mosteiro de S. Francisco da nosa cidade. Foi realizado polos mestres de E.X.B. D. Eduardo José Fuentes Abeledo e Dona Mercedes González Sanmamed. O acto que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quien acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, contou con gran asistencia de persoas relacionadas co mundo do ensino e a cultura en xeral.

*Maio de 1989*

O Delegado de Emigración do Concello de Betanzos, D. Andrés Beade Dopico, ven de ser nomeado Presidente Honorario do Centro Betanzos de Bos Aires, nunha asamblea xeral celebrada o día 22 de abril naquela capital. Este título foille entregado ó Señor Beade na súa recente viaxe a Bos Aires nun acto solemne realizado na sede social brigantina.




13 de maio de 1989

Dou comezo no Polideportivo Municipal a fase galega do VII CAMPEONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓN DE FÚTBOL SALA que disputaron os equipos de Asturias, Tenerife, Vizcaya e Galicia. Os equipos participantes foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e demais membros da Corporación Municipal, realizándose un intercambio de regalos conmemorativos deste campeonato.


15 de maio de 1989

Dentro dos actos programados polo Concello para conmemorar o Día das Letras Galegas, tivo lugar no Centro da Xuventude a inauguración da III MOSTRA DOCUMENTAL DE BETANZOS. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, o Delegado Municipal de Festexos, D. Manuel J. Vázquez Miguez, o Arqueiro-Bibliotecario, D. Alfredo Erias Martínez (quen fixo a presentación) e distintas representacións do municipio.



17 de maio de 1989

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, presidiu na Sala Capitular do Concello a presentación do libro "ALCUMES RECOLLIDOS EN BETANZOS", do que son autores D. Xulio Cuns Lousa e D. Xesús Torres Regueiro. O Alcalde estivo acompañado por membros da Corporación Municipal e ó mesmo acudiron numerosas persoas. Este libro tería tanto éxito que no seguinte mes xa se esgotara. No mesmo acto foi presentado un cartel turístico de Betanzos destinado a se distribuir por toda España e o extranxeiro.



**Maio de 1989**

O Pleno da Corporación Municipal aprobou o asinamento dun convenio co Instituto da Vivenza e Solo mediante o que o Concello asumirá o mantemento dos viais dos grupos de vivendas "Brigantium" e "Caneiros" da cidade.

**19 de maio de 1989**

Ás 13 horas tivo lugar na Alcaldía do Concello a sinatura do contrato de adxudicación das obras do Estadio Municipal "García Irmáns" entre o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e a empresa adxudicataria "Construcciones José Mauri Sobrino".



**26 de maio de 1989**

Dentro do programa de actos que leva a cabo o Concello con motivo do Día das Letras Galegas, tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración dunha mostra de "Arte e Cultura Popular", organizada pola Agrupación Inzar. O acto contou coa asistencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, ...

**27 de maio de 1989**

Baixo a organización da Agrupación "Pasiño a Pasiño" da Angustia e co patrocinio do Concello de Betanzos, tivo lugar na Praza García Irmáns a IV edición do "DÍA INTERNACIONAL DA MUÍÑEIRA" na que participaron un cento de grupos folklóricos de Galicia e Portugal.

**Maio de 1989**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, ven de convocar un concurso de ideas para a realización do anteproyecto da III Fase de Vivendas Sociais da Condesa e que se concretarán entre 55 e 60 vivendas.

**28 de xuño de 1989**

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, viaxou á cidade de Lugo para estar presente na Ofrenda do Antigo Reino de Galicia que este ano lle corresponde facer á Alcadesa de Mondoñedo, Dona Emma Pilar Valcarce Pestana.

**2 de xuño de 1989**

Entraron en funcionamento en Betanzos novos alumados nos barrios da Cañota, Rúa do Pozo e Rúa dos Árxeles.

**6 de xuño de 1989**

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia nomeou a D. Alfredo Erias, arquiveiro municipal de Betanzos, coordinador da organización de arquivos municipais nas provincias da Coruña e Lugo.

**4 de xuño de 1989**

Rematou a Liga de Fútbol 1988-89 e o equipo do Brigantium C. F. da cidade consolidouse na Terceira División, cunha brillante actuación ó longo da temporda.

**11 de xuño de 1989**

Tivo lugar na Praza García Irmáns a "FESTA DO DEPORTE" organizada pola Delegación de Deportes do Concello. Durante a mesma tiveron lugar diversos xogos e actividades deportivas a cargo dos componentes das Escolas Municipais Deportivas e do Colectivo de Educación Medioambiental, logrando un gran éxito entre os asistentes.

Tamén tivo lugar neste día a VIII Edición da Volta Ciclista á Comarca Brigantina, que disputaron os mellores aficionados galegos sobre un percorrido de 132 km. Esta proba foi organizada polo Club Ciclista Betanzos coa colaboración de varios concellos da Comarca.

Xuño de 1989

O Concello de Betanzos ven de asinar un convenio co ente público de Televisión Española para a instalación por parte deste organismo dun centro reemisor na zona da Lanza, pertencente ó municipio de Betanzos, que mellorará a calidade de imaxe dos dous canles estatais en todo o término brigantino.



20 de xuño de 1989

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello unha recepción con entrega de obsequios por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e outros membros da Corporación Municipal, ó equipo infantil do F. C. Brigantium polo seu título de Campeón da súa categoría. Estaban acompañados polo seu Presidente, D. Francisco Casal Espiñeira.

26 de xuño de 1989

Coa asistencia do Conselleiro da COTOP, D. Antolín Sánchez Presedo, o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, e altos cargos de Caixa Vigo, foi inaugurada na cidade unha sucursal desta entidade bancaria, sita nos Soportais da Praza García Irmáns.

3 de xullo de 1989

Voltaron a Betanzos os equipos infantís, alevíns e xovenís do Club Brigantium que participaron no "XI Torneo Vila de Masnou de Fútbol Base" que tivo lugar do 24 de xuño ó 2 de xullo na localidade catalana e onde os equipos base do Brigantium acadaron un resultado moi notable.

4 de xullo de 1989

Os establecementos comerciais brigantinos BAZAR CONCHEIRO e FERRETERÍA RAIMUNDO NÚÑEZ recibiron o "Premio Centenario" instituído pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña, durante un acto celebrado na Aula de Cultura de Caixa Galicia, ó que asistiron o Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreira, o Presidente da Cámara, D. José Antonio Quiroga y Piñeyro e demais representacións. O galardón instituído por este organismo no 1985, otorgou ata agora 10 premios dos que 4 lle correspondieron a comerciantes de Betanzos.



*4 de xullo de 1989*

Comenzou no Edificio Arquivo o curso "GRÁFICA 89" no que participaron 60 artistas de toda España e do extranxeiro. Estivo patrocinado polo Concello de Betanzos, Xunta de Galicia e Deputación Provincial.

*12 de xullo de 1989*

Prestouse aprobación ó proxecto de "Centro Social" que se ubicará no edificio da actual Biblioteca Pública (antigo Colexio de Orfas), redactado polo arquitecto municipal Don Manuel Muñoz Vidal cun presupuesto total de 16.299.453 pesetas.




*13 de xullo de 1989*

Nun acto presidido polo Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, ó que acompañaban a Delegada Provincial de Cultura e Deportes, Dª Luisa Blanco, O Presidente da Comisión de Cultura da Deputación Provincial, Don Manuel Regueiro, O Delegado Municipal de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira e outros membros da Corporación Municipal, o Director dos cursos de Gráfica, Don Jesús Núñez Fernández e demás personalidades, tivo lugar no Centro da Xuventude a inauguración dunha mostra de gravados realizados polos alumnos do curso de Gráfica 88.

*14 de xullo de 1989*

O Pleno da Corporación Municipal brigantina prestou aprobación ó convenio a suscribir entre o Concello de Betanzos e a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia para a rehabilitación do Parque do Pasatempo da nosa cidade así como ó concurso de ideas que convocará o Concello para a realización do mesmo. Resultaría vencedor o traballo encabezado polos arquitectos, D. Andrés Fernández Albalat e D. Carlos Meijide.





14 de xullo de 1989

Tivo lugar no Edificio Arquivo da nosa cidade a inauguración dunha mostra do PERI (Plan Especial de Reforma Interior). No acto que estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, estaban presentes o Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Don Valentín Souto García, o Delegado Municipal de Urbanismo e Deputación Provincial, Don Antonio Lagares Pérez, membros da Corporación brigantina, o equipo redactor deste proxecto e público en xeral.

16 de xullo de 1989

O mozo brigantino Javier Rey Fernández, membro do Club Ciclista Betanzos, foi o gañador do Campeonato Galego de Ciclismo, categoría "cadetes" que tivo lugar na vila de Boiro.

18 de xullo de 1989

A Policia Local de Betanzos fixo público o balance da súa xestión durante o ano 1988. No mesmo consta que se realizaron 103 expedientes por feitos delictivos; que foi en disminución o número de delitos que pasaron a disposición xudicial; e que aumentaron o número de accidentes de tráfico dentro do casco urbano.

19 de xullo de 1989


Editado pola Deputación Provincial saiu á luz o libro titulado "Betanzos revivido", do que é autor o escritor betanceiro e profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid, Don Francisco Iglesias González. O libro consta de 134 páxinas e recolle as vivencias do autor hai 30 anos (1959) dentro da vida daquel Betanzos, vista no decorrer do ano. Está ilustrado por Alfredo Erias.

25 de xullo de 1989

A Corporación Brigantina celebrou o "Día de Galicia" cunha recepción de autoridades na Casa Consistorial trasladándose a continuación a comitiva ó cruceiro da Cruz Verde acompañada por un grupo de gaiteiros, onde se realizou unha ofrenda floral en recordo dos que traballaron por Galicia.

26 de xullo de 1989

Tivo lugar no campo municipal do Carregal a presentación oficial da plantilla do Brigantium C.F. para a vindeira temporda en Terceira División.





xullo de 1989

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez ó que acompañaban ó Tenente Alcalde e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez, o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira e o Director de Gráfica, Don Jesús Núñez Fernández, ós alumnos que participaron este ano no curso internacional de artes gráficas "Gráfica 89", facéndolle entrega dun recorde pola súa participación.

28 de xullo de 1989

O Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez acompañado do Delegado Municipal de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira, a Delegada Provincial de Cultura e Deportes, Dª Luisa Blanco e membros da Corporación Municipal, clausuraron o curso internacional de artes gráficas "Gráfica 89" que se desenrolou na nosa cidade durante este mes. No acto estaban presentes o Director do Curso, Don Jesús Núñez Fernández, profesores e representantes da empresa "Probsa", demáis representacións e público en xeral. No mesmo acto déronse a coñecer os nomes dos gañadores do curso que foron: Dª Blanca Besteiro e Dº Eloisa Gil que acadaron o primeiro e segundo premios respectivamente.

4 de agosto de 1989

Ás 22,30 tivo lugar a inauguración do novo alumado público das rías da Cruz Verde, Doctor Fleming e Camiño dos Ánxoles.

4 de agosto de 1989

A Agrupación Musical "Albéniz" da Coruña, ofreceu un concerto na igrexa de San Francisco, incluído dentro do programa de actos de verán que organiza a Delegación de Cultura e Deportes do Concello. Durante o intermedio o Presidente da Agrupación, D. Antonio Gundín Fandiño, fixo entrega ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaba o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, dun obsequio de agradecemento á Corporación Municipal de Betanzos.



Día 9 de agosto de 1989

Tivo lugar no Concello a presentación oficial do Programa de Festas Patronais 1989, que contan cun presuposto de 11 millóns de pts., así como do número 2 do Boletín Informativo Municipal "O Concello Betanceiro". As dúas presentacións foron realizadas polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban diversos membros da Corporación Municipal e da Comisión de Festas Patronais.

Día 10 de agosto de 1989

D. Francisco Iglesias González foi o gañador, por segundo ano consecutivo, do concurso literario "Cidade de Betanzos" co traballo titulado "Betanceidad". O gañador é profesor titular de Periodismo na Universidade Complutense. Recibirá o premio o día 14.



Día 14 de agosto de 1989

No Edificio Arquivo tivo lugar a inauguración da Mostra Internacional "Euroamericana de Grabado", patrocinada pola Deputación Provincial. O acto contou coa presencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Gobernador Civil, D. Ramón Berra Pereira, o Presidente da Deputación Provincial, D. Salvador Fernández Moreda, o Presidente da Comisión de Cultura da Deputación, D. Manuel Regueiro, membros da Corporación Municipal, diversas personalidades e representacións, así como público en xeral.

Día 14 de agosto de 1989

Nun brillante acto na Praza da Constitución, que contou coa presencia de centos de persoas, tivo lugar a coroación da Raíña das Festas Patronais, Sr<sup>a</sup> Marta López Sánchez, por parte do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, en presencia de numerosas autoridades, entre as que se atopaba o Presidente da Xunta de Galicia, D. Fernando González Laxe, o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, D. Antolín Sánchez Presedo, o Conselleiro de Traballo e Benestar Social, D. Miguel Martínez Losada, o Gobernador Civil, D. Ramón Berra Pereira, o Presidente da Deputación Provincial e Pregoeiro das Festas, D. Salvador Fernández Moreda o Alcalde da Coruña, D. Francisco Vázquez Vázquez, membros da Corporación Municipal e demais representacións. A continuación tivo lugar na Sala Capitular do Concello unha recepción á Raíña das Festas, ás súas Damas de Honra e acompañantes, así como ás autoridades presentes. Seguidamente fixose entrega dos premios ós gañadores do II Concurso Literario "Cidade de Betanzos".



## Pregón das Festas

Ilustrísimas autoridades, Reina de las Fiestas y damas de vuestra corte, amigos todos de Betanzos:

Como buena parte de mis paisanos coruñeses, desde siempre me he acercado a Betanzos con la satisfacción y la alegría que da visitar a una ciudad hermana. Y hoy me siento especialmente honrado de que se me haya invitado a participar con todos vosotros del inicio esplendoroso de vuestras FIESTAS PATRONALES DE SAN ROQUE. Porque es cierto que cuando un coruñés viene a Betanzos se encuentra también con su pasado, y esto se comprende si nos damos cuenta de que Betanzos y La Coruña han tenido una historia paralela, llena de profundas relaciones socioeconómicas desde los más oscuros tiempos de la Edad Media y, seguramente, desde la Prehistoria, con aquellas gentes que construyeron y poblaron los castros marítimos y aun antes con otras gentes, cuya huella apenas nos ha llegado.

Por eso, cuando hoy llego aquí y además lo hago siendo Presidente de la Excma. Diputación Provincial, mi veneración hacia Betanzos, en donde además tengo buenos amigos, es absolutamente especial.

Todavía 1834 no está tan lejos y ese fue el año en que Betanzos dejó de ser capital de provincia. Pero desde el s. XV hasta entonces su huella como administradora de un amplio espacio del ANTIGUO REINO DE GALICIA permanece. No es extraño, por lo tanto, que en toda esa área que va de Puentes de García Rodríguez a Ortigueira, de Ferrol a Sada o de Abegondo a Sobrado, se mantenga hacia Betanzos una admiración casi mítica. Y tampoco es extraño que a pesar del estancamiento demográfico y económico de los últimos siglos, el papel de Betanzos en la Galicia de hoy sea significativo. Y yo creo que lo será todavía más en los tiempos venideros, porque conjuga algo que desgraciadamente otras ciudades y villas han perdido: Betanzos aun conserva en sus calles, sus casas y sus gentes la huella material y psicológica que da el tiempo, pero, al mismo tiempo, se palpa claramente un deseo de progreso y de adaptación a la época en que vivimos.

El pasado y el futuro no tienen porque ser antagónicos; los pueblos más cultos y desarrollados, muchos de los cuales ahora recibimos en forma de turistas, se caracterizan precisamente por el cuidado al máximo de sus viejos edificios y de sus ancestrales tradiciones, lo que redunda en su mayor calidad de vida y no obstaculiza en absoluto su desarrollo industrial, científico y tecnológico. Es más, siendo como es el turismo la mayor fuente de ingresos para España, se detecta como ya no basta con ofrecer clima y paisaje. Nuestros visitantes buscan el complemento cultural, lo cual quiere decir que cuidar nuestro pasado también tiene, de forma directa, su vertiente positiva desde el punto de vista económico. En el resto de Europa saben bien cual es el valor del pasado y lo aprovechan para dar mayor autenticidad a sus productos, para fijar denominaciones de origen, etc.

Y en este sentido, Betanzos significa para el viajero algo más que puro paisaje, por exuberante que éste sea; significa introducirse en la historia y la vida de una de las poblaciones más significativas de la Galicia marítima.

Yo os animo, amigos de Betanzos, a que cuideis vuestra ciudad, que es patrimonio, al menos, de todos los gallegos. Y cuando hablo de la ciudad, no me refiero únicamente a sus edificios y sus calles, sino también a aquellas tradiciones que se forjaron con las sucesivas formas de vivir y que hoy permanecen como símbolos activos de vuestra (y nuestra) identidad.

Y, llegado a este punto, creo que la FIESTA DE SAN ROQUE, en todo su valor histórico y antropológico, condensa, quizás mejor que ninguna otra manifestación, las referencias que mejor nos unen hoy a todos nosotros. La vida se mueve entre el trabajo y la fiesta y cuando ésta

llega, la sana alegría de todos debe ser la única ley. Es entonces (es decir, ahora) cuando nos unimos todos rememorando los ancestrales ritos que nos identifican.

¡Qué riqueza para un pueblo guardar en la memoria colectiva nada menos que las épocas de peste bajomedievales (la peste negra, sobre todo) representadas en el mítico salvador San Roque!

¡Y qué decir del GLOBO DE PAPEL MÁS GRANDE DEL MUNDO! Es algo tan especial y único que en sí mismo se ha convertido, y con justicia, en uno de los símbolos más queridos de Betanzos, en donde ya se lanzara allá por 1814, construyéndose desde finales del s. XIX en el seno de la Familia Pita.

Junto a todo esto, los CANEIROS, río Mandeo arriba, vuelven a llevarnos a un mundo antiguo en donde se venera la pura alegría de vivir, en medio de una Naturaleza única.

Y, envolviéndolo todo, las danzas gremiales nos recuerdan un esquema socioeconómico antiguo que la ciudad quiere y debe recordar, como manifestación viva de su devenir histórico. He visto como los nombres de las calles antiguas también se recuperan y con ellos actividades y gremios que eran la vida de otros tiempos. Unos tiempos en los que como hoy, seguro, se juntarían las familias, vendrían los emigrantes, y todos, en las calles y en sus casas, tratarían de vivir su fiesta con la mayor alegría. Es esta alegría ancestral la que hoy deseo se perpetúe, tanto para los betanceiros como para los que desde fuera aquí se acercan.

¡FELIZ FIESTA PARA TODOS! ¡VIVA BETANZOS!

*Salvador Fernández Moreda*

Día 15 de agosto de 1989

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas Patronais San Roque 89, Sr<sup>a</sup> Jennifer Couceiro Fernández, realizado polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. A continuación o mozo brigantino, Miguel Angel Rodríguez Galán, dou lectura ó Pregón Infantil e seguidamente o Alcalde e membros da Corporación Municipal ofreceron unha recepción na Sala Capitular á Raíña Infantil, ás súas Damas de Honra, acompañantes e autoridades presentes. Rematado o acto, o Alcalde e a Corporación, acompañados de diversas autoridades e representacións, participaron na Misa e Procesión en honra da Copatrona da Cidade na igrexa parroquial de Santa María do Azougue.



## FUNCIÓN DO VOTO (16 DE AGOSTO)

### Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da cidade

**Señor San Roque:**

Novamente me encontro diante de ti para, no nome do pobo de Betanzos, recordarce, agradecerce e volver a pedirte que nos protexas e nos ampare das mesmas xeito que o fixeche hai máis de cinco séculos, cando estábamos solos pola peste e necesitabamos da túa mediación, que nos prestache dun xeito rápido e cunha disposición e xenerosidade que queremos lembrar.

Por iso, o pobo de Betanzos, que é un pobo agradecido para con todos aqueles que o axudaron, quere presentarce novamente o seu recoñecemento a través da miña persoa, e adicarce ó teu nome estas festas que desexo sexan especialmente agarrimosas, se desenrolen nun ambiente de sana alegria e fraternidade e sirvan de encontro entre amigos e familiares que non teñen ocasión de compartir outros momentos durante o ano.

Como xa coñezo a túa xenerosidade e a túa entrega na defensa das persoas que máis o necesitan e abusando da amistade que nos dispensas, quero pedirte unha vez máis que protexas a tódolos betanceiros e dunha maneira especial ós máis desfavorecidos, que son os que máis necesitan da túa intercesión: ós enfermos, alivialos nas suas enfermidades; ós parados, para que acadan un traballo que lles permita afrontar a responsabilidade diaria dunha forma digna e humana; ós marxinados para que encontren novos vieiros que permitan a súa integración convivial; ós xóvenes para que atopen unha adaptación axeitada na sociedade actual, superando as inclinacións desviadas e conquerindo unha vida plena e feliz; ós ancianos para que a sociedade lles preste a solidaridade e comprensión que necesitan, despois de entregar o mellor das súas vidas na construción do mundo actual ... e a tódolos betanceiros, que sempre necesitamos de Ti.

Pídoch, ademáis, que nos orientes e encamiñes a tódolos que temos responsabilidades de goberno para que as decisións que tomemos vaian dirixidas a mellora-las condicións de vida dos ciudadáns, deixando a un lado inclinacións ideolóxicas e considerando que o único motivo que debe encamiña-las nosas determinacións debe ser o respeito da persoa humana e da súa dignidade.

Sei que, como amigo e protector de tódolos betanceiros, vas tratar de axudarnos nas moitas peticións que che fago. Por iso, e pola protección que sempre nos deches, agradézcoche no nome de tódolos ciudadáns, o teu cariño e a túa entrega. ¡Moitas gracias!

*Manuel Lagares Pérez*





16 de agosto de 1989

O acto más destacado do principal día das festas, como é tradicional, foi o lanzamento desde a torre de Santo Domingo, ás doce da noite, do xigantesco GLOBO, que é o más grande do mundo feito de papel e que dende hai 113 anos faino a Familia Pita da nosa cidade.



Días 18 e 25 de agosto de 1989

Como é tradicional dentro do Programa de Festas Patronais, nestes días tiveron lugar as xiras fluviais ós Caneiros, que contaron cunha gran asistencia de barcas engalanadas que sucaron as augas do río Mandeo ata ben entrada a noite, poñendo o día 25 punto final ás Fiestas de San Roque.

Día 20 de agosto de 1989

Tivo lugar a entrega de trofeos ós gañadores do X Campeonato de Xedrez "Cidade de Betanzos" que este ano estivo organizado pola Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos, co patrocinio do Concello e a Comisión de Festas Patronais. A entrega de premios estivo a cargo do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Presidente da SRCD, D. Andrés Gómez Dopico e o Presidente da Comisión de Festas, D. Manuel J. Vázquez Míguez.

Día 20 de agosto de 1989

Tivo lugar na cidade o XVI Gran Premio de Ciclismo "Cidade de Betanzos", organizado polo Club Ciclista Betanzos co patrocinio do Concello e da Comisión de Festas Patronais, no que participaron máis de cen ciclistas, non só da nosa comunidade senón tamén de toda España.

Día 15 de setembro de 1989

Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaban o Director Xeral da Xunta de Galicia, D. Bonifacio Borreiros, membros da Corporación Municipal, o Arquiveiro-Bibliotecario e Director do Anuario Brigantino, D. Alfredo Erias Martínez, foi presentado na Sala Capitular do Concello o Anuario Brigantino 1988. A presentación correu a cargo do ilustre galego, D. Isaac Díaz Pardo. Este foi o número 11 e estivo dedicado ó seu fundador, o sempre lembrado e admirado D. Francisco Vales Villamarín.



Día 15 de setembro de 1989

Na igrexa de Santiago da cidade tivo lugar a toma de posesión dos novos párrocos, D. José Antonio Fidalgo Santamaría e D. Manuel López Castro para a parroquia de Santiago e D. José Manuel Iglesias González para a parroquia de Santa María do Azougue. A cerimonia estivo presidida polo Arcebispo de Santiago de Compostela, D. Antonio María Rouco Varela.



Día 18 de setembro de 1989

70 brigantinos participaron estes días como "extras" no rodaxe dunha serie de Televisión de Galicia titulada "Os outros feirantes", basada nunha novela de Álvaro Cunqueiro, composta de seis capítulos, dos que un se realiza en Betanzos. O capítulo betanceiro leva por título "Hermelinda da Ponte", contando co compositor brigantino Carlos López como actor principal.



Día 18 de setembro de 1989

Foi inaugurada na Casa da Xuventude a Mostra Pictórica itinerante "Arte no Libro". Estaba constituida por 150 cadros realizados por uns 50 artistas de toda España e foi a primeira vez que poido ser vista en Galicia. Pertence a Mostra á Xunta de Castela e León.

*20 de setembro de 1989*

Tivo lugar un atraco ás once menos cuarto da mañá, na Delegación da ONCE de Betanzos. Un home armado cunha pistola apoderouse de case 200.000 pesetas.

*20 de setembro de 1989*

O Concello ven de adxudicar 90 becas para adquisición de material escolar por un importe total de 360.000 pesetas destinadas a alumnos que cursan os seus estudos no colexio de E.X.B. "Francisco Vales Villamarín".



*20 de setembro de 1989*

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, ó que acompañaba o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira, ofreceu unha recepción na Sala Capitular do Concello ós deportistas más destacados na temporda 88-89; Don José Rey Fernández, campeón gallego de ciclismo (categoría veteranos); Don Jesús Candamio, campeón galego de tenis (categoría cadetes) e Don Javier Rey, campeón galego de ciclismo (categoría cadetes).

*30 de setembro de 1989*

Celebrouse na Praza de Enrique IV a XFESTA DO MOSTO, consistindo a cerimonia inaugural no pisado e prensado de 1.500 kilos de uvas, das que sairon uns caldos que foron degustados gratuitamente por tódolos asistentes.

*30 de setembro de 1989*

Neste mes deron comenza na nosa Cidade uns cursos de cooperación entre o INEM e o Concello. Estes cursos permiten ós alumnos asistentes especializarse nunhas determinadas materias. Teñen unha duración de varios meses e son os seguintes: CULTIVOS BAIXO ABRIGO, CARPINTERIA, ALBAÑILERIA, BIBLIOTECONOMIA, ANIMADOR-SOCIOCULTURAL, VITICULTOR e MODISTA.



*5 de outubro de 1989*

O Diario Oficial de Galicia publicou nestes días unha Orde da Consellería de Agricultura pola que se aproba o regulamento de denominación "producto galego de calidade" para as patacas producidas na nosa comarca.

*6 de outubro de 1989*

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración da mostra "Foto Natura" organizada pola Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva de Betanzos en colaboración co Concello, Natura e Kodak. O acto contou coa asistencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, O Delegado Municipal de Cultura e Deportes, ademáis doutros membros da Corporación Municipal e público en xeral.

*6 de outubro de 1989*

A Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia concedeu unha subvención de 1.770.000 pesetas para a rehabilitación da fonte de "Diana Cazadora" ubicada na Praza García Irmáns. A súa construcción data do ano 1866.

*6 de outubro de 1989*

Os arquitectos Don Andrés Abalat e Don Carlos Meijide, foron os gañadores do concurso de ideas para a rehabilitación do Parque do Pasatempo de Betanzos convocado pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. A súa proposta (reproducida máis arriba) foi presentada baixo o lema "LECEP" e nesta actuación, a COTOP invertirá máis de 300 millóns de pesetas. O segundo premio foi adxudicado ó lema "CIUDAD SUMERGIDA" e o terceiro e cuarto foron para os lemas "BRIGA" e "AUGA" respectivamente. O primeiro premio consistiu na redacción do prexecto e dirección de obra; o segundo estaba dotado con 500.000 pesetas e o terceiro e cuarto con 300.000 e 250.000 pesetas respectivamente.

*18 de outubro de 1989*

A avoa de Betanzos, Dª María Xoana Rosende López, cumpliu neste día 101 anos no seu domicilio e por tal motivo celebrou un xantar ó que asistiron os seus familiares.



*20 de outubro de 1989*

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e o Director Xeral de Caixa Galicia, Don José Luis Méndez López, firmaron na Sala Capitular do Concello un convenio polo que a entidade bancaria concede ó Concello unha subvención de un millón de pesetas para invertir en fins sociais e culturais do Municipio. No acto estaban presentes o Delegado Municipal de Cultura, cargos directivos de Caixa Galicia, o Secretario da Corporación Municipal e representantes dos medios informativos locais.

*22 de outubro de 1989*

Este día comenzou no cine Alfonsetti o programa "Domingo de Furabolos", organizado pola Asociación de Titiriteiros Galegos co patrocinio do Concello de Betanzos e da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia e que durante seis domingos a partir das 12,30 da mañá, fará as delicias de pequenos e maiores.





outubro de 1989

Nas primeira quincena deste mes e durante catro xornadas, desenrolouse na provincia de Ciudad Real, o XVI Congreso Nacional de Cronistas Oficiais de España. En representación da nosa cidade acudiu o Cronista Oficial do Concello, Don José Raimundo Núñez Lendoiro.

A apertura tivo lugar no Pazo da Deputación Provincial de Ciudad Real, no salón de sesións rodeado dun xigantesco mural de López Villaseñor, con intervención do Presidente da Corporación, seguido por Don José María Codón, Presidente dos Cronistas de España e titular no seu cargo por Burgos. Ó remate de ambas intervencións douse comezo á lectura e presentación das comunicacíons. No primeiro turno, e ante o Pleno ocupou a tribuna o noso Cronista para desenrolar o seu estudio sobre o muíño de vento "Do Boucelo", descoñecido monumento sito na parroquia de Benmante, do municipio de Miño, do que nombrou as súas características, inventario de documentación, ademáis de sinalar a sua incorporación ó inventario do Centro Nacional dos Muíños de Vento de España, e que no seu estado de conservación é o máis occidental da Península do seu perfecciónamento.

29 de outubro de 1989

Tiveron lugar en España as eleccións xerais nas que obtivo a maioría o Partido Socialista Obrero Español.

2 de novembro de 1989

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, ven de publicar un bando no que expresa o agradeceamento de toda a Corporación Municipal a tódolos veciños do Municipio pola elevada participación nas eleccións xerais celebradas o 29 de outubro, que foi a máis alta da provincia con un 71,56%.

3 de novembro de 1989

Tivo lugar a inauguración dun novo centro de servicios da empresa Acerinox no Polígono Industrial de Piadela, o primeiro que se instala en Galicia desta empresa, que pertence ó grupo industrial Banesto. Ó acto asistiron o Presidente da Xunta de Galicia, Don Fernando González Laxe, o Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, o Presidente do Banesto, Don Mario Conde, o Director Xerente de Acerinox, Don Victoriano Núñez Cava e outras personalidades.

4 de novembro de 1989

A Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, ven de conceder ó noso Concello unha subvención de 15 millóns de pesetas para a realización de obras de rehabilitación no Convento de Santo Domingo con destino á instalación no mesmo do Arquivo Municipal e Museo das Mariñas.

10 de novembro de 1989

Un xoven armado cun coitelo de grandes dimensións atracou a sucursal do Banco Hispano-Americanu sita na rúa do Rollo. Tras intimidar ós dous empregados, apoderouse de 300. 000 pesetas e fuxiu nun coche a gran velocidade.

*10 de novembro de 1989*

*O Pleno da Corporación Municipal prestou aprobación ó "Proxecto de estacionamento de autobuses na Feira Nova", redactado polos servicios de arquitectura municipais cun presuposto total de 24.500.466 pesetas.*



*17 de novembro de 1989*

*O Colexio de Doctores e Licenciados de Madrid, concedeu o título de Colexiado de Honra ó brigantino D. José Antonio Míguez Rodríguez, quen durante moitos anos desempeñou a cátedra de Lingua e Literatura no Instituto de Bacharelato de Betanzos. Por outra banda no mes de decembro tivo lugar en Madrid, unha cea-homenaxe na que o Decano do dito Colexio fixolle entrega ó profesor Míguez dunha placa e diploma.*

*18-XI-1989*

*Na Sala Capitular do Concello, tivo lugar a entrega de premios ós gañadores dos traballos presentados para o concurso de ideas do Parque do Paseo, así como a inauguración dunha mostra dos mesmos. No acto estiveron presentes o Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Don Antolín Sánchez Presedo, o Alcalde, Don Manuel Lálgares Pérez o Secretario Xeral Técnico da COTOP, Don Eduardo Peña, o Director Xeral de Urbanismo da COTOP, Don Valentín Souto García e outras personalidades.*





20 de novembro de 1989

Despois de permanecer fechada durante algún tempo con motivo do seu traslado ó antigo convento de Santo Domingo, abriu de novo ó público a Biblioteca Municipal "Castelao", que conta nesa data con arredor de 16.000 volúmenes.

Novembro de 1989

O Pleno da Corporación Municipal resolveu aceptar a donación efectuada pola fundación "García Irmáns" co acordo de dedicar o importe da mesma a fins sociais e fundacionais.



22 de novembro de 1989

Coa presencia do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, acompañado doutros membros da Corporación municipal, tivo lugar a inauguración no Edificio Arquivo, da "II Mostra do Libro Infantil e Xuvenil", que por segundo ano consecutivo, tivo lugar en Betanzos, organizada polo Concello en colaboración coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

27 de novembro de 1989

O Diario Oficial de Galicia publicou o anuncio de concurso de construcción dunha piscina cuberta na zona do Carregal. O plazo de execución da obra será de 12 meses e o presuposto é de 140,934.323 pesetas.

27 de novembro de 1989

A Corporación Municipal brigantina aprobou a instalación dunha aula de cultura polivalente na ala esquerda do Edificio Arquivo cun presuposto de 28 millóns de pesetas que ocupará unha superficie aproximada de 475 metros cadrados e terá unha amplia sala de audición e proxección con capacidade para máis de 200 persoas sentadas.



2 de decembro de 1989

O Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, D. Antolín Sánchez Presedo, realizou unha visita oficial á nosa cidade para inaugurar varias obras da COTOP e comprobar o estado de execución doutras. O Conselleiro estivo acompañado polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, o Director Xeral de Obras Públicas, Don Joaquín Medrano Fuster, o Delegado Provincial

da COTOP, Don Manuel Morán Santamaría e o Subdirector Xeral de Obras Públicas, Don Antonio Fernández Sarasquete.

En primeiro lugar, o Conselleiro inaugurou un paso elevado sobre a liña férrea na estación de Infesta. Logo inaugurou as obras de acondicionamento, mellora do firme e señalización da carretera que une Betanzos ó Mesón do Bento. Posteriormente inaugurou as obras da urbanización do Paseo do río Mandeo, na súa marxe dereita, na Praza de Enrique IV.

5 de decembro de 1989

Fixose público que a Delegación Municipal de Cultura poñerá en funcionamento unha Escola de Música Municipal con motivo da creación dunha banda de música popular. A escola ubicarase nas "Escolas de San Francisco" e estará dirixida polo músico e compositor brigantino, Don Carlos López.



6 de decembro de 1989

Ás doce da mañá tivo lugar no Polideportivo Municipal a IV<sup>a</sup> COPA GALICIA de Baloncesto entre os equipos Clesa Ferrol e Obradoiro de Santiago, facéndose o primeiro co triunfo nun resultado final de 93-87 puntos. O partido foi presenciado polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, o Director Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, Don Xosé Otero Garrido, o Presidente da Federación de Baloncesto, Don Francisco García, o Delegado Municipal de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira. Finalizado o encontro, o Alcalde e o Director xeral de Deportes, fixeron entrega ó Clesa Ferrol da copa que os acreditra como campeóns desta IV<sup>a</sup> Copa Galicia de Baloncesto.

8 de decembro de 1989

O número 3 do Boletín Informativo "O Concello Betanceiro" saliu á rúa. Esta publicación municipal recolle a labour feita ó longo dos seis últimos meses en diversos apartados: cultura, xuventude, obras, deporte, acción rural, educación, servicios, etc.

Decembro de 1989

Ó longo deste ano leváronse a cabo importantes obras de rehabilitación e acondicionamento nas antigas escolas das parroquias do noso Municipio co fin de converte-las en centros culturais e xuvenís. Este obxectivo plantexado polo Goberno Municipal fixose realidade nos centros de Castro, Tiobre, Piadela e Xan Rozo recibíndose unha subvención da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia para dota-los do adecuado mobiliario.

**O CONCELLO BETANCEIRO**

Boletín Informativo del Ayuntamiento de Betanzos, N.º 3. Diciembre 1989

**E**ste mes nace el Boletín Informativo del Ayuntamiento de Betanzos. Nació con la voluntad de dar a conocer las actividades que se realizan en el municipio, así como las principales noticias y acontecimientos que afectan a los vecinos. Se trata de una publicación que pretende ser un medio de comunicación entre el Ayuntamiento y los vecinos, así como de difusión de las actividades culturales, deportivas, sociales y económicas que se realizan en el municipio. Se publicará trimestralmente y contará con una tirada de 10.000 ejemplares.

El Ayuntamiento de Betanzos, con la colaboración de la Consellería de Cultura y Deportes de la Xunta de Galicia, ha puesto a disposición del Ayuntamiento de Betanzos 1.000 euros para la elaboración del Boletín Informativo. El Ayuntamiento de Betanzos ha destinado 1.000 euros para la impresión y distribución del Boletín Informativo.

El Ayuntamiento de Betanzos agradece a todos los vecinos su apoyo y colaboración en la elaboración del Boletín Informativo.

Manuel Lagares Pérez


A small rectangular inset image containing two parts. On the left is a formal portrait photograph of a man with glasses and dark hair, wearing a suit and tie. On the right is a more informal, sketch-like drawing of a building's facade or a map of a town area.

*Decembro de 1989*

Nestes días o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, acompañado de representantes dos Concellos de Carballo e Culleredo reuniuse co Director Xeral de Ensinanzas Medias, Don Emilio García Bonome co obxecto de adopta-las medidas necesarias para lograr a oficialidade dos estudos nos Conservatorios Municipais de Música destes concellos.

*19 de decembro de 1989*

Tivo lugar na Sala Capitular do Concello a entrega do premio á gañadora do concurso de carteis de Nadal convocado pola Delegación Municipal de Educación do Concello. A gañadora foi a nena Carina Calaza Ramos que cursa 4º de E.X.B. no colexio "Nuestra Señora del Carmen" e así mesmo entregou-selle un pequeno obsequio a todos los participantes. O cartel gañador é o que ilustra o programa de actos de Nadal e Aníno-vo organizados polo Concello.



*17 de decembro de 1989*

Tiveron lugar na nosa Comunidade Autónoma as eleccións ó Parlamento Galego nas que acadou a maioría absoluta o Partido Popular.

*Decembro de 1989*

Nestes días foi adjudicada a terceira e última fase das vivendas sociais que complementarán a urbanización de "A Condesa". O presupuesto total ascende a 274,500.091 pesetas e consta de 54 vivendas que están subvencionadas pola Dirección Xeral de Vivenda da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

*31 de decembro de 1989*

Tivo lugar na nosa cidade un emotivo encontro de alumnos e profesores do antigo Instituto Laboral. Unhas setenta persoas, entre alumnos e profesores, participaron en diversos actos organizados con motivo desta xuntanza.



*31 de decembro de 1989*

Tivo lugar no Polideportivo Municipal a celebración do VI Trofeo de Nadal de Ciclo-Cross "Cidade de Betanzos", organizado polo Club Ciclista de Betanzos e patrocinado polo Concello. O gañador deste trofeo foi o campión galego Xesús Losada Sequeiros ó que o Alcalde entregou o trofeo en presencia do Delegado Municipal de Cultura e Deportes, do Presidente do Club Ciclista así como do numeroso público asistente.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1989  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
NO PRELO DE LUGAMI EN  
BETANZOS O  
23 DE XUÑO DE 1990